

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
<b>CÓDIGO</b>	
<b>MATERIA</b>	Historia e teoría da literatura dramática
<b>DISCIPLINA</b>	Literatura Dramática II
<b>TITULACIÓN</b>	Titulación Superior en Arte Dramática
<b>ESPECIALIDADE</b>	Escenografía
<b>ITINERARIO</b>	
<b>CURSO</b>	2º
<b>CRÉDITOS ECTS</b>	3
<b>CARÁCTER</b>	
<b>DEPARTAMENTO</b>	
<b>CENTRO</b>	ESAD de Galicia
<b>COORDINADOR/A</b>	Carmen Abizanda Losada.
<b>DOCENTES</b>	<p><b>Nome e apelidos:</b> Carmen Abizanda Losada.</p> <p><b>Horario titorías:</b> <a href="https://esadgalicia.com/curso-escolar/">https://esadgalicia.com/curso-escolar/</a></p> <p><b>Despacho:</b>D4</p> <p><b>Contacto:</b> <a href="mailto:carmenabizanda@edu.xunta.gal">carmenabizanda@edu.xunta.gal</a></p>
<b>DESCRICIÓN</b>	Estudo dos principais textos e autores relevantes do período da literatura dramática universal considerado, atendendo ao momento histórico en que se crearon, ao seu contido, forma e xénero e tendo en conta a especificidade das competencias do perfil profesional do/da escenógrafo/a.
<b>COÑECEMENTOS PREVIOS</b>	Competencias básicas adquiridas na materia de Teoría e análise Dramática e tamén na Literatura Dramática I. É necesario ter aprobada a Literatura Dramática I para ser avaliado na Literatura Dramática II.
<b>LINGUA EN QUE SE IMPARTE</b>	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/>
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
<b>T1</b>	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
<b>T2</b>	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
<b>T3</b>	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
<b>T8</b>	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
<b>T9</b>	Integrarse adecuadamente en equipos interdisciplinarios e en contextos culturais diversos.
<b>T14</b>	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
<b>T15</b>	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
<b>X1</b>	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
<b>X3</b>	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
<b>X5</b>	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
<b>X6</b>	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia



	disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.	
X7	Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos.	
<b>COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE</b>		
EE5	Estudar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.	
EE6	Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.	
<b>3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA</b>		<b>COMPETENCIAS VINCULADAS</b>
1. Lectura comprensiva e analítica dos textos das épocas correspondentes.		T8, X3, EE5, EE6
2. Comprensión dos factores sociais, estéticos e literarios que sustentan as creacións dramáticas de cada autor.		T2, X6
3. Identificación dos autores e movemento, distinguindo os trazos singulares das súas obras e os discursos dramáticos vinculados.		T2, T8
4. Desenvolvemento da capacidade crítica aplicada á lectura e valoración das creacións literarias.		T8, X3
5. Expresión precisa e técnica das propias ideas en relación cos textos, tanto oralmente como por escrito.		T1, T8, EE6
6. Análise comparativa de textos, da mesma corrente ou de correntes diferentes, e de manifestacións artísticas diversas.		T15, T14,
7. Dominio da metodoloxía de investigación bibliográfica, incorporando as novas tecnoloxías e facendo un uso adecuado das mesmas.		T3, X1
8. Interpretación da obra dramática de xeito aplicado á especialidade de escenografía.		X5, EE5, EE6
9. Participación activa en presentacións e debates, defendendo con rigor as súas ideas propias, fomentando o respecto e a escoita das ideas alleas.		EE5, T8, X3, T9, X7
10. Estimulación da autonomía de traballo e o interese persoal polas materias tratadas.		T1, EE6, T2, X1, X7
<b>4. CONTIDOS</b>		
<b>TEMAS</b>	<b>SUBTEMAS</b>	<b>SESIÓNS</b>
1. Literatura dramática universal do século XIX. O camiño da dramaturxia dende o Romanticismo ata a vangarda.	1.1. O Romanticismo. 1.2. Realismo e Naturalismo. 1.3. O Simbolismo. 1.4 As vangardas	10h.
2. A aportación dos novos autores á creación dramática universal do século XX.	2.1. Pirandello e a crise do personaxe. 2.2. O teatro épico de Brecht. 2.3. Teatro cerimonia. 2.4. O absurdo e o seu reflexo na creación. Ionesco, Beckett e Adamov. 2.5. O existencialismo. Sartre e Camus. 2.6. A dramaturxia psicoloxista americana. Arthur Miller, Tennessee Williams e Eugene O'Neill. 2.7. Teatro documento. Peter Weiss.	10h.
3. A escena española no século XX. A renovación dramática de Valle-Inclán e García Lorca. A posguerra e	3.1. Valle-Inclán e García Lorca: a renovación teatral española. 3.2. Dramaturxias do exilio español: María Zambrano, Max Aub e José Ricardo Morales. 3.3 Posguerra e ditadura.	15h.

ditadura e os novos dramaturgos.	3.3.1 Alfonso Sastre. 3.3.2 Buero Vallejo. 3.3.3 Francisco Nieva. 3.4 Os novos dramaturgos. 3.4.1 A xeración do 75. Sanchis Sinisterra, José Luis Alonso de Santos e Ignacio Amestoy 3.4.2 A xeración dos 90. Angélica Lidell, Juan Mayorga e Rodrigo García.	
4. A literatura galega última. Un desenvolvemento no tempo.	4.1 O grupo Abrente. Manuel Lourenzo, Euloxio R. Ruibal e Roberto Vidal Bolaño. 4.2 Autores dos oitenta. Xesús Pisón e Gustavo Pernas. 4.3 A xeración dos noventa. Cándido Pazó e Raúl Dans.	10h.
<b>TOTAL SESIÓNS</b>		<b>45h.</b>

#### 5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	5		5
Exposición maxistral	16		16
Exposición práctico-teórica			
Práctica individual			
Práctica colectiva	16		16
Obradoiro			
Seminarios			
Actividades complementarias (Lectura e análise individual).		45	45
Outros			
Titorías individuais	2		2
Titorías de grupo			
Actividades de avaliación. Probas			
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	5h 30m		5h 30m
Actividades de avaliación. Revisión	30m		
<b>TOTAL</b>	<b>45</b>	<b>45</b>	<b>90</b>
<b>PORCENTAXE</b>	<b>50%</b>	<b>50%</b>	<b>100%</b>

#### 6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado así como presentar a materia.
Exposición maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices de traballo e aspectos básicos para o debate co fin de proporcionar na aula os contidos conceptuais mínimos da disciplina.
Lectura e análise individual	Interpretación persoal e rigurosa dos textos de lectura obrigatoria. O alumnado deberá tomar nota dos aspectos e impresións que lle suxira a lectura co obxectivo de reflexionar sobre eles e de utilízalos para a posta en común. Debe, ademáis, ter especialmente en conta o análise dos elementos de significación do texto proposto polo docente para a súa lectura.
Posta en común colectiva na aula	O alumnado deberá mostrar as súas percepcións con respecto as pezas lidas e con respecto os contidos concretos que presente o docente.

Traballos práctico-teóricos de creación (Traballos de aula).	A partir do material presentado o alumno deberá desenvolver traballos prácticos que redunden nun mellor aproveitamento dos coñecementos adquiridos e tamén dos autores estudados. Ademais se van aportar textos de diferentes xéneros literarios para introducir a reflexión sobre a materia.	
Actividades de avaliación	O/a alumno/a deberá ser avaliado polos traballos de aula, polas análises semanais das pezas obrigatorias a partir das notas de lectura e por un comentario crítico sobre unha delas.	
<b>7. ATENCIÓN PERSONALIZADA</b>		
Titorías	Os alumnos contan cunha titoría de cinco horas semanais, sen perxuízo de que se fagan encontros co docente cando o alumno así o requira. O/a profesor/a tamén estará en contacto con eles a través do enderezo electrónico.	
Corrección e comentarios	Os alumnos poderán contrastar os seus análises co profesor/a todas as semanas. Cada unha delas traballarán sobre unha peza distinta do periodo da literatura obxeto de estudo.	
<b>8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN</b>		
<b>8. 1 Avaliación ordinaria</b>		
<b>Ferramenta / actividade</b>	<b>Competencias avaliadas</b>	<b>Ponderación</b>
<p>Aqueles alumnos/as que teñan dereito a avaliación continua realizarán no marco das clases os traballos prácticos de aula, os traballos individuais e máis grupais e un comentario crítico sobre unha das pezas de obrigatoria lectura. O alumnado deberá presentar o día do análise de cada texto dramático as notas que individualmente tomou da lectura das obras.</p> <p>Valorarase especialmente a participación activa na clase e nos debates que xurdan das análises das pezas obrigatorias. Obras de lectura obrigatoria:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Woyzeck de Büchner.</li> <li>-Un inimigo do pobo de Ibsen.</li> <li>-A señorita Xulia de Strindberg.</li> <li>-A gaivota de Chekhov.(*)</li> <li>-A intrusa de Maeterlink.</li> <li>-Salomé de Oscar Wilde.</li> <li>-Ubú roi de Alfred Jarry.</li> <li>-Madre Coraxe e os seus fillos de Brecht.</li> <li>-Os días felices de Beckett.</li> <li>-Calígula de Camus.(*)</li> <li>-Un tranvía chamado desexo de Tennessee Williams. (1)</li> <li>-Así que pasen cinco años de García Lorca.</li> </ul>	T1, T2, T3, T8, T9, T14, T15, X1, X3, X5, X6, X7, EE5, EE6	80%

<p>-El retablo de la avaricia, la lujuria y la muerte de Valle-Inclán.(1)</p> <p>-A tumba de Antígona de María Zambrano.</p> <p>-San Juan de Max Aub. (*)</p> <p>- O cabodano de Euloxio Rodríguez Ruibal.</p> <p>-Animaliños de Roberto Vidal Bolaño.</p> <p>-Concerto para un home só de Luisa Villalta.</p> <p>La lengua a pedazos de Juan Mayorga.</p> <p>(A Intrusa de Maeterlinck verémola a mesma semana que Salomé de Oscar Wilde, do mesmo xeito que Valle-Inclán e García Lorca estudaranse xuntos.</p> <p>Os textos marcados cun asterisco son lecturas de apoio con carácter non obrigatorio. Os designados co “(1)” vanse traballar só na aula.</p> <p>Aqueles estudantes que non teñan superada algunha das probas necesarias para aprobar a materia, deberán. Realizar un exame na data e hora da convocatoria ordinaria .</p> <p>Terase en conta a participación na clase de xeito que contará na nota final.</p>	<p>T1, T8, T15, X1, X5</p>	<p>20%</p> <p><b>Total: 100%</b></p>
<p><b>Descrición sintética:</b></p> <p>Exercicios teórico-prácticos de aula</p> <p>Análise e exposición oral na aula sobre as pezas dramáticas co apoio das notas tomadas polo alumno durante a lectura.</p> <p>Comentario crítico dunha peza de obrigada lectura</p> <p>Participación</p>	<p>X1, X5, X7, T15, EE5, EE6</p> <p>T1, T2, T6, T9, X1, X3, X6, X7</p> <p>T1, T2, T3, T8, T14, X3, X6, X7</p> <p>T1, T8, T15, X1, X5</p>	<p>30%</p> <p>30%</p> <p>25%</p> <p>15%</p> <p><b>Total: 100%</b></p>
<p>Calquera copia de materia sacada da rede ou de calquera outro soporte sen facer referencia explícita da súa procedencia implicará o suspenso na materia.</p>		
<p><b>8.2. Avaliación extraordinaria</b></p>		
<p><b>Ferramenta / actividade</b></p>	<p><b>Competencias avaliadas</b></p>	<p><b>Ponderación</b></p>

<p>Na convocatoria de xullo o alumno deberá examinarse dos contidos aos que se refire o temario e tamén deberán contestar a preguntas sobre as pezas obrigatorias.</p> <p>Quen non supere a avaliación ordinaria terá que realizar este exame.</p>	<p>T1, T2, T3, T8, T9, T14,T15, X1, X3, X5, X6, X7, EE5, EE6</p> <p>Exame</p>	<p>100%</p> <p><b>Total: 100%</b></p>
--	---	---------------------------------------

### 8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
<p>Os estudantes que perdan o dereito a avaliación continua por ausentarse máis dun 10% das horas da materia deberán someterse a exame na convocatoria de xuño. Este consistirá en preguntas sobre os contidos aos que se refire o temario e sobre as lecturas obrigatorias.</p>	<p>T1,T2,T3,T8, T9, T14, T15,X1,X3,X5, X6, X7, EE5, EE6</p> <p>Exame</p>	<p>100%</p> <p><b>Total:100%</b></p>
<p>O alumno que copie en calquera exame terá automaticamente un suspenso na asignatura.</p>		
<p>Tanto na convocatoria de xuño como na de xullo o alumno deberá establecer unha comunicación previa co docente, mínimo seis semanas antes da data do exame, para aclarar e concretar a estrutura e as particularidades do mesmo.</p>		
<p>Realizarase unha colaboración de Literatura Dramática II coa materia de Espazo Escénico IV que teña como tema un personaxe da traxedia (Ifigenia ou Elena) e un texto contemporáneo (La lengua en pedazos de Juan Mayorga).</p>		

### 9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

#### REFERENCIAS BÁSICAS:

- Doménech, Ricardo (2008) *García Lorca y la tragedia española*. Madrid: Fundamentos.
- Nicoll, Allardyce (1964) *Historia del teatro mundial*. Madrid: Aguilar.
- Oliva César y Torres Monreal, Francisco (1990) *Historia básica del arte escénico*. Madrid: Cátedra.
- Ruiz Ramón, Francisco (2007) *Historia del teatro español del siglo XX*. Madrid: Cátedra.
- Vieites, Manuel (Coord) (2008) *Literatura dramática. Unha introducción histórica*. Vigo: Galaxia.

#### REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS

- Aznar Soler, Manuel (ed.) (2003) *Laberintos del exilio*. Madrid: Biblioteca del exilio.
- Canavaggio, Jean (1995) *Historia de la literatura española*. Barcelona:Ariel.
- Doménech, Ricardo (ed.) (1988) *Ramón del Valle-Inclán. El escritor y la crítica*. Madrid:Taurus.
- Gurpequi, José Antonio (2002) *Estudios sobre teatro en lengua inglesa*. Madrid:Hurga Fierro Editores
- Hormigón, Juan Antonio (2008) *Del personaje literario-dramático al personaje escénico*. Madrid: ADE.
- Leonard e Gabrielle (1996) *Panorámica del teatro español actual*. Madrid. Fundamentos.



Lorenzo Manuel e Pillado Mayor (1979) *O teatro galego*. A Coruña. Edicións do Castro

Muñoz-Alonso López, Agustín (2003) *Teatro español de vanguardia*. Madrid:Castalia.

Pavis, Patrice (1998) *Teatro contemporáneo: imágenes y voces*. Chile:Lom Ediciones.

Riquer Martín y Valverde, José María (1999) *Historia de la literatura universal*. Madrid: Gredos.

Sánchez, José Antonio (ed.) (1999) *La escena moderna*. Madrid: Akal

VV.AA (1992) *Historia de la literatura* volumen IV, V e VI. Madrid: Akal.

Vieites, Manuel (2005) *Análise e interpretación dos textos dramáticos*. Vigo: Galaxia.

Zabalbeascoa, José Antonio (1988) *Teatro contemporáneo en lengua inglesa*. Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá.

#### 10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS

##### OBSERVACIÓNS E RECOMENDACIÓNS

Calquera traballo escrito ten que manter as normas básicas de presentación, ortografía e redacción.

A asistencia é obrigatoria pero non implica aprobar, senón que hai que acadar uns mínimos avaliados.

A copia de material sacado da rede ou de calquera outro soporte sen facer referencia explícita da súa procedencia implicará o suspenso na materia.

Esta programación pode verse modificada nalgún punto en virtude do desenvolvemento da docencia e os seus imprevistos a criterio do docente avisando o alumnado de ditos cambios.

Para a asistencia á titorías débese falar previamente co/coa docente co fin de pactar o día e a hora de dita reunión.

Tamén se pode concertar a titoría enviado unha petición ao profesor/a por correo electrónico. Darase resposta tamén a través do correo electrónico indicando o día e a hora da titoría.